

Literatura galega na década da posguerra (1939-1949)  
 «Rogo a Yavé», un poema en galego non recompilado de  
 Celso Emilio Ferreiro

Miro Villar

RESUMO

O artigo iníciase cun achegamento á situación da literatura en lingua galega durante a época da posguerra. Baséase nas declaracións de autores como Xesús Alonso Montero ou Xosé Luís Méndez Ferrín e comenta as causas polas que, probablemente, Celso Emilio Ferreiro non publicou nada en galego neste período. A continuación, céntrase na análise dun poema titulado «Rogo a Yavé», que reproduce ó principio do artigo. Despois dun detallado estudo temático e formal da citada composición, conclúe afirmando que, debido ás súas semellanzas con traballos posteriores, debeu pertencer ó grupo de poemas que Celso Emilio compuxo durante os anos da posguerra e que, máis tarde, publicaría nos poemarios *O soño sulagado* (1954) e *Longa noite de pedra* (1962).

ABSTRACT

This article begins with an analysis of the state of affairs in literature written in the Galician language during the postwar period. The author bases his opinion on the statements of some writers like Xesús Alonso Montero or Xosé Luís Méndez Ferrín and he comments on the reasons why Celso Emilio Ferreiro probably did not publish anything in Galician during that period. Next, he focusses on the analysis of the poem entitled «Rogo a Yavé», which he gives at the start of the article. After a thematic and formal study in detail of the aforementioned work, he finishes by saying that because of its resemblance to later works, it must have belonged to a group of poems written by Celso Emilio during the postwar period. He adds that later on he published them in these books of poems: *O soño sulagado* (1954) e *Longa noite de pedra* (1962).

*O Libro dos Proverbios*

«Rogo a Yavé»

Cap. 30. 7-9

Dous favores, Yavé, prego humildoso  
 pra goberno cabal da miña vida:  
 Desterra do meu peito a vanidade,  
 alcanza a miña língoa da mentira;

non me deas riquezas nin honores,  
dame somente o pan de cada día,  
que pra andar os camiños de este mundo  
ven\* pouco se precisa.  
Non sexa o díaño que a riqueza faga  
que me esqueza de tí, meu ben e diga:  
«¿Quen é Yavé?» Pois é sabida cousa  
que os ventres fartos, de soberbia finchan.  
Mais en troques tampouco me asolagues  
nas negras áugas da miseria indina,  
non sexa que a roubar me empuxe a fame,  
a fame que é moi mala compañía.

Nin farto, nin famento  
dame tan soio o pan de cada día.

Celso E. Ferreiro

(*Nuestra Ciudad. Fiestas de la peregrina*. Pontevedra, 1947)

Para entendermos mellor o posicionamento de Celso Emilio Ferreiro sobre a publicación de poemas en galego durante a década da posguerra, faise necesario profundar na análise da súa actitude e nas causas que a provocaban. De feito, como sinala Xesús Alonso Montero<sup>1</sup>: «De 1936 a 1951 a presenza do galego escrito é ben pequena. Por estas datas o Celso Emilio xoga a facer trovas nun libriño en castelán que leva por título *Bailadas, cantigas y donaires*».

E o propio Alonso Montero<sup>2</sup>, anos máis tarde, precisa: «Non era doado *publicar* en galego nos primeiros anos da posguerra, anos inzados de medos, recelos, sospeitas, prexucios... Neste clima moral –nesta atmósfera inicial– cómpre situar os tres libros en castelán do noso poeta: *Al aire de tu vuelo* (1941), *Bailadas, cantigas y donaires* (1947) e *Voz y voto* (1955). Nos dous primeiros Celso Emilio Ferreiro (sempre, como todo poeta de cerne, á percura da súa verdadeira voz), aínda está nas aforas da súa voz...»

Méndez Ferrín<sup>3</sup>, enxuízando esta mesma época, insiste na mesma idea: «Abandona o cultivo do galego, cando menos aparentemente. Publica dous libros en castelán e integra –con Fermín Bouza Brey, Cuña Novás e outros– un pequeno e activo grupo cultural de expresión predominantemente castelá».

\* ven (sic): ben

soio: É a forma que aparece no canto de só, tamén en *O soño sulagado*.

indina: indigna. Os grupos cultos aparecen con solucións vulgares.

finchan: inchan, hipergaleguismo.

1. Alonso Montero, X., «Celso Emilio Ferreiro, o home e o poeta en dazasete tempos», en Ferreiro, C. E., *Obras completas*, Madrid: Akal, 1975.

2. Alonso Montero, X., «Estudio, cronoloxía e bibliografía», en Ferreiro, C. E., *Poesía Galega Completa*, Santiago: Ed. Sálvora, 1983.

3. Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1984.

Ademais, o propio Celso Emilio Ferreiro confésalles a M<sup>a</sup> X. Porteiro e X. A. Perozo<sup>4</sup>: «O meu primeiro libro xa publicado en forma de tal foi *Al aire de tu vuelo*, escrito en castelán porque daquela, aínda que non estivera dunha maneira expresa prohibido escribir en galego, era sabido que non o publicarían, aínda que ningunha lei dispuxera tal cousa. Este libro escribino prá miña noiva, e, polo tanto é un libro de noivos. O títido sacárao dunha poesía de San Juan de la Cruz. Ese foi o meu primeiro libro e saía vivindo en Pontevedra». Engadindo posteriormente na mesma entrevista: «...despois da guerra (cando eu fixera oposicións pra funcionario e fun pra Pontevedra), seguía traballando literariamente, pro os poemas en galego tñíaos gardados nun cartafol porque eran impubicábeis. Non tñíamos máis remedio que facer os libros en castelán, pro iso non significa que nos prantexáramos a custión *a posteriori*, é que non había prantexamento posíbel. Non se podía publicar en galego».

### ¿Un antecedente ou un poema desbotado de *O soño sulagado*?

Como dixemos Alonso Montero, tendo en conta as palabras do propio autor, só dá noticia dun único poema en galego na década dos corenta, titulado «Compostela» e publicado na revista *Finisterre*, nº 21, xullo, 1945. Dous anos máis tarde as páxinas de *Nuestra Ciudad*, suplemento do semanario pontevedrés *Ciudad*, acollen «Rogo a Yavé», texto que reproducimos na súa totalidade no principio deste artigo e do que faremos, de seguida, unha análise.

«Rogo a Yavé» ten moitas características en común con outros poemas de Celso Emilio Ferreiro, e a súa temática «relixiosa» aproxima este texto sobre todo a varios dos que conformaron o volume *O sono sulagado*, que se chamou desde a segunda edición *O soño sulagado*. En cambio, ten pouco que ver con aqueles poemas soltos dos que falamos, pois en ningún deles aparece unha referencia a Deus, aínda que dous dos que viron a luz como follas do *Cartafol de poesía* que compuña xunto a Xosé Velo mencionan a «Deus» e «Dios», respectivamente. Pola contra, en *O soño sulagado* hai 12 poemas coa palabra «Dios» e outros 3 que mencionan Señor, mentres que os poemarios en castelán da década dos corenta, *Al aire de tu vuelo* e *Bailadas, cantigas y donaires*, teñen senllos textos con cadansúa referencia a «Dios», aínda que non é o protagonista.

Lembremos que *O soño sulagado* está composto por 31 poemas, na súa maior parte escritos ao concluír a Guerra Civil, publicados nun tomo da colección «Alba» e impresos nos Talleres Roel de Vigo en 1954. Entre os seus contidos sobrancea a expresión dos seus conflitos persoais de maneira autobiográfica, pois unha das direccións intencionais é a confesión persoal. Ademais, a temática existencial está moi presente no libro, unhas ideas existencialistas que tamén se vinculan coa relixiosidade e coa presenza de Deus. Así, o poemario estaría influenciado por algunhas tematizacións do existencialismo europeo tan de moda naqueles anos. De feito, Manuel Aían Díaz<sup>5</sup>, que analizou o pensamento do autor, dinos: «Celso en *O soño sulagado* faise eco desta situación absurda e desesperada, de medo, de

4. Porteiro, M. X. e Perozo, X. A., *Celso Emilio Ferreiro: compañeiro do vento e das estrelas*, Madrid: Akal, 1981.

5. Aían Díaz, M., «Pensamento de Celso Emilio Ferreiro» en VV. AA., *Celso Emilio*, Santiago: Fundación Celso Emilio, 1989.

preguntas sin resposta, abandonados de Deus». Igualmente, Ramiro Fonte<sup>6</sup>, autor dunha edición comentada deste libro, tamén nos indica que «a presenza de Deus é unha constante de *O soño sulagado*, en consonancia con certo misticismo rehumanizador da poesía daqueles anos».

Convén lembrar tamén que nesta época na literatura en castelán triunfan autores como Blas de Otero co seu *Cántico espiritual* (1942) con páxinas de plena meditación existencial. A influencia de San Juan de la Cruz evidénciase xa no título do poemario, e libros posteriores, como *Ángel fieramente humano* (1950), continuaron nesa busca de Deus. O mesmo acontecería con *Hijos de la ira* (1944) de Dámaso Alonso e con outros poetas. E para os poetas galegos, con moitas dificultades para entroncar coa literatura galega de preguerra, había un acceso menos dificultoso a esta creación poética en castelán, que non molestaba ás estruturas do franquismo, en proceso de consolidación.

*O soño sulagado* bebe destas fontes, hai mostras evidentes de que o poeta era lector de San Juan de la Cruz e Blas de Otero. Algo semellante ocorre con *Fabulario novo* (1952) de Cuña Novás, *Acoitelado na espera* (1960) de Cribeiro, ou fundamentalmente con *Nimbos* (1961) de Díaz Castro. Celso Emilio Ferreiro, a través da sinceridade expresiva que paira sobre o libro, presenta unha imaxe de radical desconfianza en si mesmo. E, sen que en ningún caso poida cualificarse esta poesía de especificamente relixiosa como a de Díaz Castro, o eu poético nomea a Deus, ora en interxección, ora en forma de apóstrofe.

Da mesma maneira que no exhumado poema «Rogo a Yavé» onde se lle fai un prego humildoso desde a terra, no texto «Ollaime ben», pertencente a *O soño sulagado*, o derradeiro verso: «...namentras o bon Dios, calado, espreita», mostra un Deus afastado e con poder. Igualmente no poema «Oración polos parvos», do mesmo libro, e que comenza «Señor Dios ten piedá dos probes parvos,,», todo o texto conforma un prego, unha oración, na liña desa poesía humanizadora que busca desesperadamente a Deus, ante o que o home recoñece a súa pequenez. No poema «Palabras a un morto», do mesmo libro, Deus ademais de ser un apoio, é tamén unha resposta total. Neste libro hai unha aceptación da omnipotencia divina. Posteriormente, en *Longa noite de pedra* prodúcese un distanciamento entre o eu poético e Deus, que se volve máis inaccesible e incomprensible.

Outras características, como a rima e a métrica, tamén se asemellan coas que aparecen no libro. Nos dezoito versos do poema exhumado, «Rogo a Yavé», hai unha sucesión de hendecasílabos, interrompidos tan só por dous heptasílabos nos versos oito e dezasete, con rima libre nos versos impares e asonante nos pares. A crítica ten subliñado que no libro *O soño sulagado* predomina o poema resultante da combinación de heptasílabos e hendecasílabos brancos, ou con rima asonante descoidada, e con frecuentes versos, discordantes, doutras medidas. Tamén se indicou que con isto Celso Emilio se achega ao clasicismo de posguerra, propio de autores como Díaz Jácome, Carballo Calero ou Alvarez Blázquez, tanto pola utilización do verso branco —que se encontra moito máis descoidado que nos devanditos poetas— canto pola sobriedade expresiva e a práctica de temas íntimos e confesionais.

«Rogo a Yavé» utiliza ademais un recurso que frecuentou Celso Emilio, a paráfrase. O texto, tal e como o propio autor indica, está baseado nos versículos 7-9 do capítulo 30 do *Libro dos proverbios*. Comparados os versos coas versións ao galego da *Sagrada Biblia* por nós manexadas, obsérvanse nitidamente as concomitancias. Así en *Proverbios* 30, 7-9, da publicada pola Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (Santiago: SEPT, 1979), a traducción de Xoán C. Rodríguez Herranz di:

«Dúas cousas che pido,  
non mas negues antes de que eu morra:  
Afasta de min a falsidade e a mentira,  
non me deas nin pobreza nin riqueza,  
déixame come-la miña ración de pan,  
non sexa que, farto, renegue  
dicindo: «¿Quen é ese, o Señor?»;  
ou que, empobrecido, roube,  
aldraxando o nome de Deus».

Na outra versión, da autoría de Manuel Casado Nieto, pentecente á *Sagra Biblia en Galego* (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, Bibliófilos Gallegos, 1984), dise:

«Dúas cousas che pido; non mas negues antes de morrer:  
Alonxa de min a vaidade e máis a adrola; non me deas pobreza nin riqueza;  
concédeme o pan necesario;  
non sexa que, farto, arrenegue de ti e diga: «¿Quen é Yavéh?»; ou que, sendo probe,  
roube e blasfeme o nome do meu Deus».

Con todo, e a pesar da paráfrase, o contido do poema de Celso Emilio xa evidencia o que será a súa poética cívica, de xustiza e solidariedade, que impregna tanto boa parte de *O soño sulagado* (1954) como de *Longa noite de pedra* (1962). Curiosamente este mesmo libro bíblico dos «Proverbios», no seu capítulo 23 (versículos 1-7), é parafraseado tamén no poema titulado «Consellos» e que viu a luz dentro de *Longa noite de pedra*, no que se fala da dureza de corazón do rico. Non esquezamos que o propio Celso Emilio lle confesa a Freixanes: «Tanto *O soño sulagado* como *Longa noite de pedra* escribinos na súa meirande parte ao rematar a guerra civil. Algúns dos seus poemas foron feitos cando aínda era soldado. Como aqueles textos, e por razóns doadas de entender, eran impublicables naquel tempo, mantívenos encarpentados varios anos –sin deixar por elo de pulilos e amplialos– até que poideran saír en sendos libros...»

Así pois, como conclusión, cremos que o poema exhumado, titulado «Rogo a Yavé», debou pertencer ao mesmo cartapacio do que saíron boa parte dos textos incluídos en *O soño sulagado*, e algún outro que conformou a edición de *Longa noite de pedra*. As súas características e o contexto da época, tal e como subliñamos, sosteñen a nosa hipótese.